

### Misión de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia

**ESF é unha asociación independente sen ánimo de lucro baseada no voluntariado, que busca construír unha sociedade mundial xusta e solidaria mediante a cooperación para o desenvolvemento e poñendo a tecnoloxía ao servizo do desenvolvemento humano.**

### Principios, valores e orientacións

#### Principios e valores de ESF

- **PROMOVEMOS A TECNOLOXÍA PARA O DESENVOLVEMENTO HUMANO.**  
Entendemos a técnica dentro do entorno cultural, político, social, económico e ambiental como unha ferramenta que se xera e que é xeradora e non como un fenómeno illado ou neutro. Incorporamos nos proxectos técnicas autóctonas e tecnoloxías apropiadas para non crear dependencias innecesarias e mitigar as existentes. Cuestionamos o uso histórico da tecnoloxía apostando por unha tecnoloxía participativa e **non excluínste** que permita mellorar a calidade de vida, que promova e permita alcanzar a xustiza social e a equidade, sendo sustentable no tempo e ambientalmente.
- **PROMOVEMOS A EDUCACIÓN E INVESTIGACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO.**  
ESF estuda as realidades onde leva a cabo a súa acción e xera coñecemento sobre as alternativas para paliar as principais problemáticas. ESF ten especial interese na divulgación e investigación sobre as posibilidades da tecnoloxía ao servizo do desenvolvemento humano.
- **CREEMOS NA PARTICIPACIÓN DOS AXENTES LOCAIS.**  
Traballamos noutros países contando co protagonismo dos nosos socios locais, comunidades e grupos vulnerables, adaptando as intervencións no terreo ás peculiaridades culturais e aos ritmos que o desenvolvemento sustentable require para o seu empoderamento.  
A cooperación debe ser identificada como necesaria e plenamente aceptada polos socios locais, poboación destinataria e grupos vulnerables e procurar que sexa liderada por estes, os cales participan no seu deseño e desenvolvemento, así como polo resto dos axentes. Traballamos no Norte contando coa participación dos axentes locais, procurando con esta participación un modelo de sociedade activa, capaz de conseguir cambios.
- **TEMOS UNHA CONCEPCIÓN INTEGRAL DA COOPERACIÓN EXTERIOR.**  
Identificamos os factores sociais, económicos, técnicos, culturais, éticos, ambientais e políticos mediante equipos de traballo pluridisciplinares.  
Os plans de acción son así integrais e perseguen efectos multiplicadores para garantir a súa continuidade unha vez rematada a cooperación exterior.
- **SOMOS UNHA ORGANIZACIÓN ACONFESIONAL, APARTIDISTA E POLITIZADA.**  
ESF non está asociada a ningunha organización política nin relixiosa, aínda que consideramos que a participación política de cidadáns e organizacións é a principal vía para acadar o desenvolvemento humano.
- **CREEMOS NO ASOCIACIONISMO.**  
Consideramos o asociacionismo como unha ferramenta imprescindible, tomando como base a participación social de cada un dos seus membros (persoas voluntarias, socias e socios, persoas contratadas, doantes, copartes, etc.). Así, por medio do compromiso, o traballo e a participación dentro das actividades da asociación, perseguimos a transformación da sociedade para acadar a nosa misión.
- **ESF CONSIDERA O VOLUNTARIADO COMO UN FIN EN SI MESMO.**  
Entendendo ás persoas voluntarias como axentes de transformación social que constitúen unha forma de cambiar o mundo. Búscase a participación activa do voluntariado, perseguindo que Este sexa comprometido e que aporte pensamento crítico.
- **EQUIDADE DE XÉNERO.**  
Consideramos imprescindible adoptar a perspectiva de xénero como eixo transversal e transformador en tódalas nosas accións (entendendo isto como o medio de acadar a a equidade entre homes e mulleres), non só no deseño das mesmas, senón tamén no día a día da asociación e nas relacións entre as persoas que a forman. Para iso, tratamos de orientar as nosas actividades cara a igualdade entre os xéneros mediante o empoderamento da muller e a súa participación activa na sociedade, á igualdade de oportunidades no acceso e control de recursos e beneficios e, en definitiva, á concienciación da existencia dunha fenda de xénero e loita por reduci-la e eliminala.

## Orientacións

- **POSICIÓN DE REFERENCIA DE ESF:** ESF quiere ser a ONG de referencia na cooperación galega en TpDH e voluntariado e nas universidades galegas en EpD.
- **INTERVENCIÓN NO SUR:** ESF debe participar preferiblemente en accións integrais de desenvolvemento a medio prazo e co ciclo completo, incluíndo no país de traballo accións directas de incidencia política, pero só no que respecte ás políticas de desenvolvemento de axentes galegos, españois ou da UE, deixando o resto das accións de incidencia política aos socios locais.
- **INCIDENCIA POLÍTICA EN GALICIA:** ESF debe facer accións de incidencia política en Galicia en calquera tema apoiándose nas redes e en solitario ou en rede nos temas de especialización de ESF.
- **RELACIÓNS CON EMPRESAS:** ESF debería relacionarse de xeito proactivo con empresas da economía social de calquera tipo así como con empresas públicas do eido tecnolóxico e os servizos básicos.
- **CONTIDOS DA EDUCACIÓN FORMAL PROMOVIDOS POR ESF:** Respecto aos contidos de educación para o desenvolvemento na educación formal galega ESF debe priorizar que se transversalicen contidos de Educación para o Desenvolvemento ademais de nas carreiras universitarias tamén en secundaria.
- **SOCIOS NOUTROS PAÍSES:** No traballo noutros países ESF debería priorizar o traballo con organizacións de ampla base social tratando de contar coas administracións públicas pero sen colaborar directamente con estas últimas.
- **ESTRUCTURA TERRITORIAL:** ESF deberá tratar de facilitar e impulsar a formación de grupos de ESF non só nas cidades principais galegas senón tamén en vilas medianas.
- **FONDOS ECONÓMICOS:** No eido da financiación ESF debe seguir apostando por acadar subvencións sobre todo das administracións públicas de Galicia e impulsar un aumento da base social que aporta fondos.
- **REFORZO DA BASE SOCIAL:** ESF debería reforzar a súa actividade de ampliación da base social en profesionais técnicos sobre todo os vinculados a sectores de especialización de ESF e nas universidades galegas en xeral.
- **TRABALLO NOUTROS PAÍSES:** O perfil de traballo de ESF noutros países debería ser de baixa intensidade, con pouca presenza e un papel máis de facilitador de relacións entre socios locais e a sociedade civil galega, cun mínimo persoal propio preferiblemente expatriado.


## Análise DAFO

FORTALEZAS CHAVE	OPORTUNIDADES MÁIS IMPORTANTES
Voluntariado autocrítico e reflexivo.	Relación estreita con outras entidades no sur (inclúe os nosos socios locais).
Capacidade para ser referencia en: EpD na universidade.	Uso cada vez máis xeralizado de novas ferramentas de comunicación e difusión.
Capacidade para ser referencia en: TpDH.	Malor sensibilización social e capacidade de mobilización en moitos temas pola aparición de movementos sociais (15M, DRY) e a crise.
Vida asociativa e carácter participativo e horizontal.	Xente que estivo na asociación que se profesionalizou en cooperación e que pode retroalimentar á asociación. Think tank.
O noso funcionamento xera unha imaxe de entidade de calidade, apartidista, que xera confianza e recoñecida.	Existencia de moitos axentes (outras ONGD, coordinadora galega de ONGD, Federación de ISF, contactos das copartes, universidades, empresas...).
Consciencia de traballo rede. Tanto con axentes externas como entre as sedes.	Formas de financiamento inexploradas ou non experimentadas por ESF (máis socios individuais, empresas, colexios, AECID, festivais, merchandising...).
DEBILIDADES CRÍTICAS	AMEAZAS GRAVES
Comunicación externa e difusión non programada, non planificada, inconexa e insuficiente, en material, en xeración de noticias, ... con ferramentas pouco usadas ou saturadas.	Sociedade pouco predisposta a ser sensibilizada e con escaso interese e conciencia crítica.
Concentración de moitas tarefas en poucas persoas. Supervoluntarios.	Proceso educativo actual enfocado á preparación para o mercado laboral, que deixa de lado a xeración de pensamento crítico.
Imaxe limitada como asociación de estudantes, vencellada só á universidade.	Escaso interese da administración pública en cooperación. Inexistencia dunha axencia galega de cooperación.
Escaso discurso propio.	Crise económica. Escasa estabilidade económica e menos recursos.
Non existe visión da asociación como conxunto (falta de asistencia a reunións que non sexan as de grupo, xuntanzas, cósmicas...).	Terceiro sector inmaduro: Certa desconexión coa sociedade
Falta de medida da calidade ("impacto") das accións.	Desconfianza e falta de comprensión na sociedade do que fai unha ONGD en contraposición con outro tipo de asociacións (e tamén dentro do que se considera "ONGD" falta comprensión das diferentes filosofías).

## Liñas estratéxicas e resultados propostos por liña

LIÑA ESTRATÉXICA	RESULTADOS PROPOSTOS NA LIÑA
Defensa e promoción do ciclo integral da auga coma ben público en Galicia e países de traballo.	Promovida a creación dunha rede galega de organizacións da sociedade civil, pola defensa do acceso a auga coma dereito humano, e a coordinación con outros movementos contra a mercantilización da auga
	Formado e sensibilizado o conxunto de organizacións galegas e a sociedade civil en xeral, para potenciar a construción dunha democracia participativa a través do movemento contra a mercantilización da auga.
	Facilitada a toma de decisión sobre unha posible incidencia política no país de traballo.
	Facilitada unha mellora na calidade de vida no país de traballo, principalmente no eido do acceso á auga e saneamento.
Defensa e promoción da soberanía alimentaria (SOBAL) nos países de traballo	Promovidas iniciativas de incidencia política no eido da SOBAL
	Formar e sensibilizar a poboación nos países de traballo en SOBAL
	Fortalecer as capacidades das persoas nos países de traballo no eido da SOBAL e desenvolvemento rural con enfoque de transferencia tecnolóxica
Defensa e promoción da equidade de xénero no acceso ós servizos básicos	Empoderar e fortalecer as capacidades dos colectivos de mulleres dos países de traballo no acceso aos servizos básicos
	Abrir espazos de reflexión e debate sobre os problemas de acceso aos servizos básicos dende a perspectiva de xénero.
Aproveitar de xeito creativo, organizado e sistemático os espazos de comunicación para trasladar á sociedade galega os debates e discursos xerados en ESF (e as casuísticas que dan orixe ás súas accións)	Transversalizadas as responsabilidades comunicativas nos distintos grupos e sedes de ESF
	Mellorada a calidade e variedade dos distintos materiais comunicativos (divulgativos, informativos e de incidencia) adaptados aos distintos espazos colaborativos e de difusión
Apostar pola EpD como xeito de acadar unha sociedade cunha cidadanía crítica e orientada ao cambio	Iniciado o proceso de transversalización da EpD a través da formación do profesorado na universidade, nos ciclos técnicos de formación profesional e na asignatura de tecnoloxía de ensinanza secundaria.
	Transversalizada a EPD na universidade ca oferta de asignaturas de cooperación nas universidades galegas
	Apostar pola EpD noutros ámbitos for a da educación formal
	Fomentado o voluntariado para promover unha cidadanía global comprometida e crítica.
Promoción activa do traballo en rede para a incidencia política en temas de políticas de cooperación para o desenvolvemento, EpD e no traballo en Investigación para o Desenvolvemento.	Promovida a participación activa no grupo de Incidencia Política (INC) da Coordinadora Galega de ONGD.
	Promovida a participación activa no grupo de Educación Para o Desenvolvemento (EPD) da Coordinadora Galega de ONGD.
	Promovida a investigación para o desenvolvemento (IPD) na eficacia das políticas socioambientais nos distintos eidos de traballo de ESF en Galicia e co conxunto de actores implicados nos mesmos.
	Lograda a participación activa na Coordinadora de ONGD española en Honduras (COEH)
	Coñecido o contexto de redes e asociacións que traballan nos mesmos sectores que ESF en terreo
Impulsar espazos de participación, reflexión e crítica dirixidos á base social e outras persoas afíns a ESF	Coñecido o contexto de redes e asociacións galegas que traballan en Honduras nos mesmos sectores que ESF.
	Creados espazos de participación coas persoas socias
	Creada unha rede de persoas asesoras (persoas socias ou afíns) nos distintos sectores de traballo de ESF (auga, enerxía, sobal, comunicación, RRHH, etc)
	Impulsados os actuais espazos de participación ou a creación de novos para as persoas voluntarias
Obtención dos recursos económicos necesarios para a realización dos fins da Asociación baixo criterios de ética, independencia, transparencia e diversidade	Ampliados os ingresos provenientes da base social
	Acadadas novas fontes de financiación para a diversificación de fondos
	Exploradas fontes de financiación P2P/crowdfunding
Promover e mellorar a transparencia e boas prácticas no funcionamento da asociación	Investigado o concepto de democracia económica
	Reestructurados os fluxos de traballo, prácticas e grupos responsables de xestión económica, relacións exteriores, comunicación, administración e base social e loxística de cara á aumentar a transparencia e lograr un mellor coñecemento do funcionamento da asociación por parte da base social e a sociedade civil en xeral.
	Levado a cabo o seguemento da planificación estratéxica.
Defensa e promoción dun modelo enerxético (ME) baseado na xeración mediante enerxías renovables e autóctonas en Galiza e nos países de traballo	Coordinadas todas as liñas de traballo de ESF
	Promovidas iniciativas de incidencia política no eido do ME en sinerxía coa liña estratéxica de traballo en rede
	Facilitada a toma de decisión sobre unha posible incidencia política no país de traballo.
Defensa e promoción do dereito á soberanía dixital e á información nos países de traballo	Fortalecer as capacidades das persoas nos países de traballo na transferencia tecnolóxica no eido do modelo enerxético
	Promovidas iniciativas de incidencia política no eido das TIC e ética tecnolóxica electrónica
	Formar e sensibilizar a poboación nos países de traballo en soberanía dixital e o impacto das TIC considerando todas as etapas do seu ciclo de vida, desde a extracción de materiais até a súa fin
	Fortalecer as capacidades das persoas nos países de traballo na transferencia tecnolóxica no eido das TIC

## Mapa estratéxico



O mapa estratéxico pretende amosar de xeito intuitivo a relación entre as liñas agrupadas nos principais eixos de traballo da organización para os próximos anos.

## Visión

En 2017, en ESF somos máis persoas **militantes e críticas** que **continuamos aprendendo** arredor da influencia das nosas accións no mundo e nos **implicamos** activamente na creación de **propostas** para a **construción colectiva** dunha **ciudadanía global solidaria**. Traballamos con **persoas organizadas** que **constrúen e defenden** o seu **dereito ao acceso e á gobernanza dos servizos básicos** para protagonizar o seu propio desenvolvemento. A **calidade** das nosas accións, a **transparencia** e a **coherencia** institucional son os nosos avais.

## Máis información

A documentación completa (memoria da planificación e anexos) pódese atopar en:  
[http://esf.gpul.org/Organización\\_interna/Planificación\\_estratéxica\\_2013-2017](http://esf.gpul.org/Organización_interna/Planificación_estratéxica_2013-2017)